

BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN NO SORTEO DA IV EDICIÓN CARREIRA E ANDAINA SOLIDARIA POLO DANO CEREBRAL

PRIMEIRO.- OBXECTO

A Federación Galega de Dano Cerebral (en diante Dano Cerebral Galicia) con domicilio en Rúa Galeras, 17 – 2º piso, Oficina 5 (15705) en Santiago de Compostela (A Coruña) e identificada co número CIF G70191051; organiza a **IV Edición da Carreira e Andaina Solidaria polo Dano Cerebral**.

No marco deste evento, levaranse a cabo os sorteos detallado no punto 4 do presente documento co obxectivo de incentivar a participación na inscrición do evento que ten por finalidade visibilizar e sensibilizar, a través da práctica do deporte, sobre o dano cerebral adquirido, a súa casuística e dimensión social, así como promover hábitos de vida saudables.

SEGUNDO.- PERÍODO E LUGAR DO SORTEO

O sorteo realizarase o día do evento no barrio de Navia (Vigo), isto é, o 6 de xullo de 2025 entre as 9:00h e as 14:00h, despois do acto de entrega de premios da carreira absoluta e das escolares e antes do comezo a andaina.

TERCEIRO.- PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO SORTEO

Poderán participar todas as persoas inscritas oficialmente en calquera das categorías que conforman o evento deportivo a través da páxina web <https://magmasports.es/es/eventos/carreira-e-andaina-solidaria-polo-dano-cerebral>, sexan ou non maiores de idade.

Para facer efectiva a participación no sorteo, a cada persoa inscrita e rexistrada, entregáraselle unha papeleta con dobre numeración xunto co dorsal ou dorsais. Unha das partes da papeleta será introducida pola organización na urna facilitada para tal fin e a outra parte conservarase por parte da persoa participante para entregar e poder reclamar o premio en caso de resultar premiada.

Entregarase unha papeleta/rifa por cada inscrición rexistrada e validada. No caso de que unha mesma persoa estea inscrita en varias probas ou categorías, recibírase unha papeleta por cada unha delas, é dicir, 1 papeleta/rifa por cada dorsal que estea a nome desa persoa.

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra destas bases.



CUARTO.- PREMIOS

Sortearanse os seguintes premios:

- Unha camiseta do **RC Celta de Vigo**, asinada polos xogadores do primeiro equipo masculino, cedida pola Fundación Celta de Vigo.
- Unha tablet *Lenovo Tab M11* con bolígrafo incorporado, cedida por **Ecomputer Santiago**.
- 4 cestas de froita, cedidas por **Frutas Nieves**.

QUINTO.- ENTREGA DO PREMIO

Os premios entregaranse no mesmo momento do sorteo, previa comprobación da coincidencia e verificación entre o número extraído da urna e a papeleta orixinal presentado pola persoa.

Os premios non son transferibles nin poderán ser trocados por cartos en efectivo ni por outros bens ou servizos. Ademais, non hai premio acumulativo, é dicir, se a rifa dunha persoa saíu elixida nalgún dos premios, a súa papeleta non retornará á urna para os seguintes sorteos.

SEXTO.- SELECCIÓN DA PERSOA GAÑADORA E ENTREGA DE PREMIOS

As persoas gañadoras serán seleccionadas de forma aleatoria mediante extracción manual entre todas as papeletas depositadas na urna indicada e custodiada pola organización en presenza do público asistente.

A persoa premiada terá que estar presente no momento do sorteo para verificar a súa papeleta orixinal. Se non se atopa presente ou non presenta a papeleta, realizarase unha nova extracción ata que apareza unha persoa gañadora válida.

SÉTIMO.- RESPONSABILIDADE E ACEPTACIÓN

A participación no sorteo implica a total aceptación destas bases. A organización resérvase o dereito a modificar as bases por causas xustificadas ou alleas á súa vontade, así como de cancelar o sorteo en caso de forza maior, informando debidamente das devanditas circunstancias ás persoas participantes.

OITAVO.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello (RGPD), e a Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), informase do seguinte:

- **Responsable do tratamento:**
Federación Galega de Dano Cerebral, con enderezo en Rúa Galeras, 17 – 2º Piso, Oficina 5 (15705) en Santiago de Compostela (A Coruña) e CIF




G70191051, será a responsable do tratamento dos datos persoais recollidos no marco do presente sorteo.

- **Finalidade do Tratamento:**
Os datos persoais proporcionados polas persoas participantes serán tratados coa única finalidade de xestionar a súa participación no sorteo, contactar coa persoa gañadora e, se é o caso, proceder á entrega do premio.
- **Base xurídica:**
A base legal para o tratamento dos datos é o consentimento outorgado ao participar no sorteo e aceptar estas bases legais.
- **Conservación dos datos:**
Os datos conservaranse durante o tempo necesario para xestionar o sorteo e cumprir coas obrigas legais derivadas do mesmo. Unha vez finalizado este período, os datos serán eliminados.
- **Destinatarios:**
Os datos non se cederán a terceiros, salvo obriga legal ou no caso de que sexa necesario para a xestión do premio.
- **Dereitos da persoa interesada:**
As persoas participantes poderán exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos mediante comunicación escrita ao correo electrónico info@danocerebralgalicia.org ou mediante carta ao enderezo anteriormente indicado, achegando copia do seu documento de identidade.

NOVENO.- CONTACTO

Para calquera dúbida ou consulta:

 info@danocerebralgalicia.org

 881943148

A Organización

